

EIXE 2 | A Recuperación como meta

PROGRAMA EMOCIONA SAÚDE MENTAL

Entidade executante

Asociación Lenda Saúde Mental (<https://lendasaudemental.com>)

Ámbito territorial

O programa localízase en Redondela e concellos limítrofes.

Persoas destinatarias

Persoas con enfermidade mental que vivan soas ou en zonas rurais.
Persoas con enfermidade mental que teñan fillos a cargo ou familiares dependentes.
Familias en risco cun familiar con trastorno mental, convivente no se domicilio.
Persoas con enfermidade ou trastorno mental agravado pola situación covid-1

Prevese unha estimación para o 2023 de 20 persoas beneficiarias.

Obxectivos

Xeral

Contribuír á mellora da atención de as persoas con enfermidade mental e as súa familia as nunha situación de emerxencia.

Específicos

Ofrecer unha canle de comunicación das entidades coas persoas usuarias dos servizos, as súas familias e aquelas que o demanden, para dar soporte e apoio emocional no contexto da Covid-19 e post-pandemia de xeito telefónico ou telemático.

Ofrecer un servizo de apoio emocional de urxencia presencial e en domicilios.
Apoiar ás familias, especialmente vulnerables e en risco, vinculadas ao programa, con necesidades básicas nun contexto de pandemia e postpandemia

Metodoloxía

O mecanismo básico resúmese en: Apoiar-escoitar-orientar para dar soporte emocional inmediato e previr o agravamento do estado psicolóxico e favorecer os autocoidados.

A Actuación básica sería:

- Compenetración, proximidade.
- Avaliar a situación: escoitar, coñecer a súa visión, valorar síntomas, devolver o control á persoa.
- Valorar os recursos dispoñibles.
- Identificar un plan para os seguintes días: Xerar habilidades, pautas, necesidades máis inmediatas.
- Peche, chamada e/ou visita e seguimentos posteriores